

A beleza que presaxian as tapas d'*A dama da luz* faise patente no momento que comezamos a súa lectura e pasamos a visualizar a fermosura das súas detallistas ilustracións e a deleitámonos coa súa prosa; ambas as dúas compoñentes imprescindibles deste álbum ideado e ilustrado por Jorge Magutis e escrito por Agustín Fernández Paz que parte dunha rapaza, Marta, ao tempo protagonista e narrataria, e o seu avó, tamén protagonista e narrador dunha historia onde se mestura o real co marabiloso nunha loitaentre estacions ambientada nun Vigo antigo, unha vila mariñeira hoxe desaparecida, que tingue de melancolía o relato.

A sempiterna pelexa entre a Primavera e o Inverno, a dicotómica e desigual loita tantas veces feita literatura, que representa as arelas do frío, forte e cruel, que quere dominar a calor escurecendo a paisaxe e cubrínda de neve; a presenza dun ser fantástico, a dama da luz, feble e fráxil coma a Primavera que precisa atopar de volta o seu lugar e a súa función; un personaxe xa vello,


Contrarios conxugados

Con suxerente escrita

PAULA FERNÁNDEZ

un avó entrañable que garda historias e sabedoría, que ten saudade do pasado e que pasa á súa neta, símbolo do futuro, a responsabilidade de resolver o conflito da conservación da Natureza. Todo o de-

vandito, á beira do proceso madurativo da meniña, son algúns dos trazos más salientables desta historia. Un conto onde a narración e o seu clásico desenvolvemento tripartito nos conducen a un



desenlace simbólico que evoca esperanza para o futuro e, malia o fantástico da aparición da flor no asfalto, proporciona tamén verosimilitude, pois leva ao mundo real o resultado da pelexa, ademais de evidenciar unha vitoria.

Represéntanse xa que logo dous mundos, o noso, o da realidade, e un marabilloso. Contrarios mais perfectamente conxugados e recoñecibles, sen empregar para isto descripcións excesivas pois é o dominio da arte da evocación do autor do texto a que nos pasea por un e por outro sen apenas percibir a transición.

Unha historia redonda, simbólica, de suxerente escrita e lectura amena que se engrandece coas ilustracións de Magutis que, dende a súa calidez tonal, a súa delicadeza á hora de reflectir o texto e a súa destreza cando mestura real e irreal, fan posible este álbum e que non entendamos o literario separado do plástico e ao revés.

FERNÁNDEZ PAZ,
A./MAGUTIS, Jorge, A
dama da luz, Ed.
Xerais, Vigo, 2009,
PVP 14 €